



BOLETÍN Nº 2: setembro 2018

PROPOSTA DE SELECCIÓN DE LIBROS E PELÍCULAS
INFANTÍS E XUVENÍS CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Presentación

A Concellería de Igualdade do Concello de Vigo ten como función principal traballar de cara á eliminación das desigualdades existentes entre mulleres e homes na sociedade. Para isto, consideramos fundamental promover a coeducación e fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenas e nenos.

Vivimos nunha sociedade na que a socialización de nenos e nenas se fai de forma diferenciada, o que significa que desde o nacemento, unhas e outros reciben mensaxes e normas acerca de como deben comportarse en función do sexo que se lles asigne, e en función do que a sociedade espera deles ou delas. Son moitos os axentes implicados no proceso: familia, amizades, medios de comunicación..., e tamén a escola, con moita influencia nunha etapa vital do desenvolvemento humano no que se asentán as bases da identidade e personalidade futura.

Os roles e os estereotipos de xénero seguen moi presentes na literatura e no cine, transmitindo valores que perpetúan as relacións de desigualdade. Así, é habitual que os personaxes femininos sexan menos frecuentes, que ademais se presenten como personaxes secundarios ou complementarios na acción, asumindo un rol pasivo, débil, necesitado de protección ou sensible, respondendo a ese modelo tradicional relacionado co seu papel de coidadora do fogar, en contraposición ao masculino, cun rol activo, creativo, racional e valente. Porén, non existe unha única maneira de ser muller ou de ser home. Os estereotipos tenden a homoxeneizar e simplificar a visión que temos das persoas, que é contraditoria coa diversidade que de feito existe na sociedade.

A literatura e o cine, como medios socializadores, poden servir para reproducir os estereotipos, pero tamén poden axudar a rompelos e amosar unha visión do mundo diversa, tolerante e máis xusta. Para isto, as persoas adultas debemos ser críticas e reflexivas sobre os valores que lles transmitimos a nenas e nenos a través das historias que lles propoñemos. A perspectiva de xénero permítenos detectar as mensaxes estereotipadas, de cara a promover o desenvolvemento integral das capacidades, sen limitar as opcións vitais de mozas e mozos en función desa división tradicional de papeis.

BOLETÍN Nº 2: setembro 2018

Desde a Concellería de Igualdade queremos continuar coa liña comezada no 2017 de elaborar e difundir entre a comunidade educativa boletíns coeducativos que transmitan os nosos obxectivos e fins. Así, en xuño de 2017 difundimos o Boletín coeducativo núm. 1 que pretendía dar a coñecer os programas implementados polo noso departamento e que diriximos ao alumnado, nas súas diferentes etapas educativas, coa finalidade de fomentar a educación en igualdade de oportunidades entre nenos e nenas para promover a coeducación e previr a violencia de xénero.

Nesta ocasión, con este Boletín núm. 2, ofrecémosvos unha proposta diversa de selección de libros e películas infantís e xuvenís con perspectiva de xénero. Trátase de material en galego e en castelán, e en diversos formatos: contos, libros, libros ilustrados, filmes... Están dirixidos a público infantil e adolescente, e no propio listado indícase a idade recomendada para cada material. A perspectiva de xénero atópase presente ben porque introducen personaxes e historias que non responden aos estereotipos que atopamos nos tradicionais contos de príncipes e princesas; ben porque visibilizan o papel activo das mulleres ao longo da Historia; ou ben porque axudan a reflexionar e detectar as desigualdades no público adolescente.

Esta selección non é exhaustiva e pretende ofrecer algunhas propostas de materiais de lectura e filmes que vos sexan útiles para fomentar unha cultura de igualdade.

Esperamos que este documento vos sexa de utilidade e lembrámosvos que na sección de Coeducación da nosa paxina web www.igualdadevigo.org podedes consultar os boletíns, programas e servizos desta Concellería.

Vigo, 6 de setembro de 2018

Uxía Blanco Iglesias
Concelleira de Igualdade

LIBROS

MÁIS DE 3 ANOS



Brancaneves e os 77 ananiños / Davide Cali; Raphaëlle Barbanègre. Galego

Había unha vez, no medio e medio do bosque, unha rapaza chamada Brancaneves que fuxía dunha bruxa malvada. Nunha casa, habitada por 77 ananos, atopou acubillo. Os simpáticos ananiños acordaron que podía quedar con eles o tempo que quixese.—Poderías axudarnos un pouco coas tarefas da casa? —dixéronlle. Reinterpretación do conto clásico que supón un canto á liberdade.



Cincenta e as zapatillas peludas / Davide Cali; Raphaëlle Barbanègre. Galego

Había unha vez unha nena que vivía coa súa terrible madrasta e con dúas medias irmás aínda peores. Pasaba os días ocupándose das tarefas do fogar e soñando cun aposto príncipe. Ata que un día se anunciou o famoso concurso de baile. Reinterpretación do conto clásico que supón un canto á liberdade.



P de Papá / Isabel Minhós Martins; Bernardo Carvalho. (Kalandraka, 2009). Galego

As tarefas de coidado das nenas e nenos aínda seguen sendo moito máis asignadas e asociadas ás nais que aos pais, por iso, neste conto o foco está no papel que os homes xogan na crianza das novas xeracións.



Colección "Érase dos veces" / Belén Gaudes, Pablo Macías. (Cuatro tuercas, 2013-). Castelán

"Érase dos veces" é unha segunda oportunidade para os contos de sempre: mantén a maxia, a fantasía, pero prescinde da violencia, o sexismo, a desigualdade e o culto á beleza. Títulos publicados:

Caperucita (2013)

Cenicienta (2013)

Blancanieves (2013)

Hansel y Gretel (2014)

La Sirenita (2014)

La Bella Durmiente (2014)

La Bella y la Bestia (2015)

Pinocho (2015)

Los tres cerditos (2015)

Rapunzel (2016)

El patito feo (2016)


La ratita presumida (2016)

Colección “A igualdade conta” / (Ed. Embora, 2009-). Galego

Dirixida ao público familiar . Os volumes están escritos por **Paloma Rodríguez e Cristina Justo**, e **contan con ilustracións da artista Spela Trobec**. Trátase dunha colección que ten como obxectivos unha democracia paritaria, a prevención da violencia contra as mulleres, a corresponsabilidade e a visualización de novos modelos familiares. Títulos publicados:

**O país dos mandóns (2009)**

No país dos mandóns uns cantos mandan sobre o resto e non permiten que as nenas, as mamás ou as avoas xoguen, saian ou traballen fóra da casa. O cambio desas normas tan inxustas para crear un novo país da igualdade conmemórase o día internacional das mulleres.

**A urna dos desexos (2010)**

Clara aprende o que son unhas eleccións e como as persoas poden decidir quen vai gobernar metendo un papeliño nunha urna. Un xeito sinxelo de ensinar a nenos e nenas en que consiste a democracia representativa e a paridade.

**O segredo de Flora (2010)**

Flora ten un segredo fantástico, e é que aprendeu unhas palabras máxicas que a axudan a non sentir enfados nin ganas de pegar. O segredo de Flora consiste en atopar un modo de combater a violencia, explicando así a nenos e nenas que é intolerable en todas as súas manifestacións.

**Canto te quero, profe! (2013)**

Para Nicolás este é o seu primeiro día no colexio de maiores. Neste libro, Nicolás repasa todas as cousas divertidas que fai no cole e cóntanos o moito que quere ao seu profe que, contra o máis común en Educación Infantil, é un varón.



Iriña bailarina (2013)

Iriña era unha bailarina; pero non unha bailarina común: vivía na mais fermosa caixa de música. Pero estaba preocupada: non podía saír da súa caixa...



Teño dúas casas (2013)

Mamá e papá xa non viven xuntos, así que agora teño dúas casas. As miñas casas son moi chulas, e pintamos todas as paredes de cores. Gústanos escoitar música e debuxar tirados no chan, e xogar cos nosos xoguetes...


Colección “Contos da igualdade” (Baía) (3-10 anos). Galego

Esta colección pretende romper coa tendencia nos contos infantís de asignar roles estereotipados a nenos e nenas, que condicionan a capacidade de soñar sen límites no propio futuro, de imaxinar un mundo de igualdade entre homes e mulleres. Títulos publicados:



Un día de treboada / María de Mata; Mariana Riestra. (2006) + 5 anos.

Unha terrible treboada ameaza unha aldea galega. A intervención da nai de Aldara axudará a salvar a situación e provocará importantes cambios nas relacións entre os seus habitantes.




Alfombríña / Cristina Ferreirós. (2008). 0 a 4 anos

Móstranos unha historia na que á súa protagonista non lle gusta que lle digan o que ten que facer, ela quere decidir por ela mesma. Inclúe CD-ROM con xogos educativos.




O meniño Nito. Entón, os homes choran ou non? / Sonia Rosa; Macus Romero (2009) + 3 anos

Os homes choran ou non choran? Ese é o dilema no que se encontra Nito, e que lle trae non poucos problemas até que por fin, coa axuda do Doutor Aymoré, consegue resolver as súas dúbidas. Inclúe DVD con sesión de contacontos.



Nera, a ferreira/ Imelda Barrio Santamaría; Andrés Meixide. (2009)
+ 8 anos

Nera naceu nun momento especial; era xusto cando o Consello de fadas se reunía para outorgar un desexo á persoa que chegase ao mundo nesa noite. Pero, cal sería o mellor desexo para conceder?




Xela volveuse vampira!!/ Fina Casalderrey; Noemí López (2011).
+ 5 anos.

Xela é a mellor mestra do mundo! Mais semella unha morta vivente de ollos violeta que pousan acotío no chan. Estarase a volver vampira? Breixo tentará descubri-lo.

Inclúe DVD con sesión de contacontos.

MÁIS DE 5 ANOS



Mercedes quiere ser bombera / Beatriz Monco; Mabel Piérola. (Bellaterra, 2004). Castelán

A clase da señorita Montse convértese nun improvisado foro de debate no que nenas e nenos expresan a súa opinión ante o comentario sexista dun dos alumnos, convencido de que as mozas non poden ser bombeiras. A autora aproveita esta pequena anécdota para expor unha reflexión ao redor de ideas preconcebidas e tópicos sexistas aínda presentes na sociedade, coa intención de conducir á conclusión de que as diferenzas de xénero non implican nin deben traducirse en diferenzas sociais.




Los hombres no pegan / Beatriz Monco; Mabel Pierola. (Bellaterra, 2005). Castelán

Conto que trata de chamar a atención contra a violencia familiar e de xénero. É un aviso contra a masculinidade mal entendida, contra a desigualdade entre homes e mulleres, contra os malos tratos domésticos, contra as estruturas de poder que permiten que as familias e as súas relacións se convertan nun terror cotián, nun campo de batalla onde os máis débiles poden perder a vida.




Elenita / Campbell Geeslinn. (Kokinos, 2006). Castelán

Elenita quería ser sopradora de vidro, igual que o seu pai. Pero o seu pai puxo o berro no ceo e dixo que diso nin falar. Así que á nena non lle quedou máis remedio que emprender unha longa viaxe chea de aventuras só para conseguir o seu anhelado soño.



Artur e Clementina /Adela Turin; Nella Bosnia. (Kalandraka, 2012). Galego

Un bonito día de primavera, Artur e Clementina, dúas fermosas tartarugas rosadas, coñecéronse ao borde dun lago. E decidiron casar aquela mesma tarde. Pero enseguida Artur decide "atar en curto" á súa esposa ata convertela nun obxecto máis na súa vida. Ata cando?



Rosa Caramelo /Adela Turin; Nella Bosnia. (Kalandraka, 2012). Galego

Na manada, todas as elefantas son de cor rosa menos Margarita. E pronto descubrirá que as do seu sexo teñen prohibido facer cousas reservadas aos machos. Ao non aceptar esa tradición mostrará ás súas compañeiras que a igualdade non é unha utopía.



Salvaje / Emily Hughes. (Libros del zorro rojo, 2014). Castelán

A historia dunha nena que vive feliz na natureza, onde os osos ensináronlle a comer, os paxaros a falar e os raposos a xogar. Ela é audaz, valente e increíblemente libre. Pero un día un novo animal entra en escena, un animal estrañamente parecido a ela. Un conto que nos leva a preguntarnos canto de “civilizada” é realmente a vida que temos.




¿Hay algo más aburrido que ser una princesa rosa? / Raquel Díaz Reguera. (Thule ediciones, 2017). Castelán

Carlota estaba farta do rosa e de ser unha princesa. Carlota non quería bicar sapos para ver se eran príncipes azuis. Carlota sempre se preguntaba por que non había princesas que rescatasen aos príncipes azuis das garras do lobo ou que cazasen dragóns ou voasen en globo.




La princesa rebelde / Anna Kemp. (Blume, 2017). Castelán

Había unha vez nunha torre unha princesa solitaria, a princesa Susana. Algún día -suspiraba-, o meu príncipe chegará. Pero gustaríame que fose un aventureiro de verdade. Con todo, cando finalmente chega o príncipe, non é o que Susana imaxinaba. Á princesa Susana vaille a aventura, a travesura e os amigos pouco habituais. Ela é, realmente, a princesa rebelde!



Até as princesas soltan peidos / Ilan Brenman. (Algar, 2017). Galego

Á pequena Laura xurdiulle unha dúbida moi importante despois dunha longa discusión en clase sobre Cincenta. O seu amigo Marcelo confesoulles que a famosa princesa tirábase moitos peidos. Afortunadamente, o pai de Laura, ao que lle gustan os libros e as boas historias, posúe o libro segredo das princesas, onde Laura atopará as respostas a todas as súas preguntas.



El dragon Zog / Julia Donaldson. (Macmillan Heinemann, 2012). Castelán

Neste divertido conto os dragóns son bos, as princesas queren ser médicas e os príncipes no queren loitar, senón ser enfermeiros. O conseguirán demostrando que o preestablecido se pode romper e cada persoa pode ser o que máis lle apeteza.




Madre solo hay una y aquí están todas / Raquel Díaz Reguera. (Lumen infantil, 2013). Castelán

Libro sobre os diferentes tipos de nais, escrito con grandes doses de tenrura, ironía e sobre todo bo humor. Percorrendo as páxinas deste libro descóbrese á nai adiviña, a nai sarxento, a tecnolóxica, a creativa, a hippie ou a cantarina.



Bienvenido a la familia / Mary Hoffman; Ros Asquith. (Juventud, 2014). Castelán

Este libro ilustrado explora as diferentes maneiras en que un bebé, un neno ou unha nena poden chegar a unha familia: parto natural, adopción, familia de acollida, así como os distintos tipos de familia; monoparentais, pais/nais do mesmo sexo, etc. Cunha mensaxe importante e positiva: cada familia é diferente e cada familia é igualmente válida e especial, non importa como ou cando chegan á familia os nenos ou nenas, o esencial é que sentan felices nela!

**Malena Ballena / Davide Cali. (Libros del zorro rojo, 2017). Castelán**


Malena é unha nena con sobrepeso da que os seus compañeiros rin en clase de natación e chámana balea. Farta de sentirse así, o monitor de natación rumoréalle ao oído un truco: para poder vencer os complexos, basta con pensar o contrario. Trátase dunha historia que significa unha loita fronte aos complexos persoais e os canons de beleza impostos pola sociedade.

**Soy una niña / Yasmeeen Ismail. (Corimbo, 2016). Castelán**


Á nena desta historia confúndena constantemente cun neno. Oe suspirar á camareira: 'definitivamente, os nenos son uns revoltosos e desordenados'. Pero se son unha nena! Unha nena á que lle gusta ir a toda velocidade no seu patinete, saltar á piscina, tocar a trompeta, facer ruído e brincar por todos lados. Unha nena que adora tanto xogar con bonecas como facer unha carreira e gañala.

**Yo voy conmigo / Raquel Díaz Reguera. (Thule, 2015). Castelán**

A unha nena gústalle un neno, pero o neno non se fixa nela, non a mira. Que facer? Os seus amigos aconséllanlle de todo: que se quite as coletas, as lentes, o sorriso, as pencas, as ás, que non sexa tan laretas. O neno por fin fíxose nela, pero, con tanto quitar, ata se foron os paxaros da súa cabeza. E a nena dáse conta de que xa non é ela e decide recuperar as súas coletas, aos seus lentes, o seu sorriso, as súas pencas, as súas ás, as súas palabras. Reflexión para querernos tal como somos.


**Yo, Jane / Patrick McDonnell. (Oceano, 2015) . Castelán**

Conta a historia de Jane, unha nena inglesa nada no seo dunha familia de poucos recursos, que soña con ir a África para coñecer aos animais que viu nos libros. Mediante a súa imaxinación trasládase ata ese continente en compañía dun simpático mono sen imaxinar que, co paso do tempo, o seu soño volverase realidade. Esta nena é nada menos que Jane Goodall, unha das mulleres de ciencia máis coñecidas e queridas da actualidade.



Denébola A Roxa / Héctor Cajaraville. (Baía, 2016). Galego

Denébola a Roxa é unha novela de aventuras de estrutura áxil e dinámica, que relata o desafío dunha muller brava nun mundo de homes. Un exemplo de como a afouteza e a perseveranza conseguen derrubar todas as barreiras.



Doce Cartas A María Victoria Moreno / Ánxeles Gracián . (Hércules de ediciones, 2018). Galego

Biografía novelada narrada por un dos personaxes máis entrañables de María Victoria Moreno, o lobo Garimoso, ese que no seu libro *Mar adiante* pasa varias noites coa nena Mariquiña sen comela, porque ela soñouno bondadoso.



Colección “Mulleres Galegas” (Lela, 2016-). Galego

Dedicada ás mulleres galegas de diferentes eidos que constrúen o noso país. Títulos publicados:

Un Ronsel de Ardora. Pequena biografía de Ángeles Alvariño / Enrique Mauricio e Carlos Taboada (2016)

Meiga nova, metade anxo, metade marisco. Pequena biografía de Maruja Mallo / Enrique Mauricio e Carlos Taboada (2017)
Unha historia de amor.

Pequena biografía de María Victoria Moreno / Joanna Lorenzo Monter.e Tania Solla. (2017)

Semente de igualdade, semente de liberdade. Pequena biografía de Ernestina Otero / Enrique Mauricio e Carlos Taboada.(2017)



Colección “Mulleres bravas da nosa historia” (Urco, 2016-). Galego

Orientada a dar a coñecer unha serie de mulleres exemplares da historia da Galiza aos públicos máis novos. As ilustracións de todos os libros son de Eva Agra e o texto é de diferentes autoras galegas como María Lado, Eli Ríos, Elvira Ribeiro, Leticia Costas, María Reimóndez... Títulos publicados:

Rosalía de Castro / María Lado; Eva Agra (2016)

Maruja Mallo / Elvira Ribeiro; Eva Agra (2017)

Xulia Minguiñón / María Reimóndez; Eva Agra (2017)

María Victoria Moreno / Eli Ríos; Eva Agra (2018)



Colección “Pequeña&Grande” (Alba editorial, 2014-). Castelán

Orientada a descubrir quen eran e que lograron algunhas das mulleres máis importantes da Historia contemporánea. Pintoras, deseñadoras, aventureiras, científicas. Cada libro escrito por M^a Isabel Sánchez Vegara e unha ilustradora diferente. Títulos publicados :

Coco Chanel / (2014)	Audrey Hepburn (2015)
Frida Kahlo (2015)	Agatha Christie (2016)
Amelia Earhart (2016)	Marie Curie (2016)
Dian Fossey (2017)	Ella Fitzgerald (2017)
Ada Lovelace (2017)	Gloria Fuertes (2017)
Jane Austen (2018)	Georgia O’Keeffe (2018)
Anne Frank (2018)	Harriet Tubman (2018)

MÁIS DE 8 ANOS



¡Nos gustamos! / Juanolo. (Tandem, 2006). Castelán

Libro ilustrado para expor dun modo próximo, sen alarmismos nin moralinas, a igualdade de xénero e de tendencias sexuais entre os homes e as mulleres. «Que nos gustamos uns aos outros» é o punto de partida e punto de chegada nun libro que opta por ollos redondos, o humorismo, as seme-lanzas e algunhas dobres páxinas repletas de xente para tratar con frescu-ra e proximidade a igualdade.



A expedición do Pacífico / Marilar Aleixandre. (Xerais, 2008). Galego

Novela de aventuras que conta as peripecias dunha meniña de doce anos, Emilia, que se agacha como polisón nunha expedición científica que parte para explorar o Pacífico. As ideas feministas, a polémica entre o darwinis-mo e o creacionismo e a paixón polo coñecemento, están nas páxinas des-ta excepcional novela. 14^a Edición - Premio Merlín de Literatura Infantil, 1994 - Premio da Crítica Galega, 1995 - Seleccionada pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez como unha das cen mellores obras da literatu-ra infantil española do século XX



Emilia Pardo Bazán. Unha nena seducida polos libros / María Xosé Queizán. (Xerais, 2014). Galego

María Xosé Queizán convídanos a percorrer a época en que viviu Pardo Bazán e achéganos a súa vida e obra dunha maneira sinxela e entretida. O volume inclúe unha cronoloxía e unha escolma de textos que completan a biografía da gran narradora e pensadora galega.



Frida Kahlo / Nadia Fink; Pitu Saá . (Sudestada, 2015). Castelán

Conta a vida da artista plástica mexicana no marco dunha revolución que impactou en todos os ámbitos da vida social, a través dun relato ameno e colorido, dirixido a unha nova xeración de nenas e nenos sensibles e comprometidos coa verdade.




Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes: 100 historias de mujeres extraordinarias / Elena Favilli; Francesca Cavallo. (Planeta, 2017). Castelán

Había unha vez nena que quería chegar ata Marte. Érase unha vez unha muller que se converteu nunha das mellores tenistas do mundo e outra que descubriu como se dá a metamorfose das bolboretas. De Frida Kalo a Jane Goodall, de Coco Chanel a Nina Simone, das irmás Bronte a Marie Curie este libro narra as extraordinarias vidas de 100 mulleres valentes. Científicas, astronautas, levantadoras de pesas, xuízas, chefs... cen exemplos de determinación e audacia para as que soñan en grande.



Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes 2 / Elena Favilli; Francesca Cavallo. (Destino Infantil y Juvenil, 2018). Castelán

O libro reúne cen novas historias de mulleres extraordinarias de todo o mundo. Despois do éxito do primeiro libro en todo o mundo, a selección de historias deste segundo volume foi realizada coas achegas da gran comunidade de lectores e lectoras que # Niñasrebeldes # RebelGirls creou.



Pioneiras: Galegas que abriron camiño / Anaí Rodríguez Rodríguez e Nuria Díaz (Xerais, 2018). Galego

Unha das primeiras correspondentes de guerra foi galega, tamén unha das primeiras navegantes, escritoras ou directoras dun xornal. Este libro fala de doce mulleres que conseguiron vencer as barreiras impostas ao seu xénero e dar os primeiros pasos por vieiros transitados ata ese momento só por homes. Mulleres reais e diversas que no seu día foron pioneiras en diferentes ámbitos e cuxas historias merecen ser coñecidas e postas en valor.



Un misterio na mochila de Alba / Fina Casalderrey. (Oxford University Press, 2011). Galego

Alba vive nunha casa abandonada. A veciñanza do lugar non entende que una nena tan pequena viva soa, acompañada unicamente de súa mochila branca. Entón, dous nenos e una nena comezan a seguila, intrigados polo contido da mochila. Alba rexeita os seus ofrecementos para conseguir la bolsa; por nada do mundo se desprendería do seu contido.




As peripecias de Extravaganzza Pérez / Leticia Costas. (Xerais, 2018). Galego

Extravaganzza Pérez vive nunha casa que semella un zoolóxico. A súa nai e seu pai son biólogos de moita sona. Semellan estar algo tolos, pero queren aos animais e máis á súa filla pola vida. Un día marchan a unha expedición secreta deixando a Extravaganzza soa na casa. Ela está encantada. Vivir sen pais é o mellor que lle pode pasar a unha nena... agás se non dan sinais de vida durante semanas.



Pippi Medialongas / Astrid Lindgren (Kalandraka, 2017). Galego

Nenas e nenos de todo o mundo temos pasado horas inesquecibles de lectura ao abeiro das aventuras e das extravagancias de Pippi Mediaslongas, do seu mono señor Nilsson e do seu cabalo. Diversión, tenrura e humor, optimismo e ledicia son ingredientes deste clásico universal e imprescindible. Esta edición en galego conta coas ilustracións orixinais e restauradas de Ingrid Vang Nyman. Traducido por David Álvarez, conta co Premio ao Mellor Libro traducido de LIX 2017



**El lápiz mágico de Malala / Malala Yousafzai. (Alianza, 2017).
Castelán**

Malala Yousafzai, icona internacional, activista en prol do dereito á educación e a persoa máis nova en recibir o Premio Nobel da Paz, relata unha historia inspiradora sobre o que foi crecer nunha rexión desgarrada pola guerra e, con todo, ver a maxia da esperanza. Cando Malala era nena en Paquistán quería ter un lapis máxico. O seu dereito para ir á escola viuse ameazado... simplemente porque era unha nena. No canto dun lapis máxico, Malala colleu un de verdade. Soa na súa habitación, escribiu sobre os desafíos aos que se enfrontaba, pero as súas palabras chegaronlle á xente de todo o mundo.



**Serie “Las chicas de la banda”/ Esther Villardón. (Alfaguara).
Castelán**

Las chicas de la banda (2018)

Robyn acaba de chegar de Irlanda e non sabe a que lle espera. Coñecerá a unhas mozas moi tolas coas que poderá cumprir o seu soño: montar unha banda de rock. Van dar todo! Pero pronto xurdirán os primeiros problemas e xuntas vivirán unha chea de aventuras que as unirán máis.

Somos unas cracks! (2018)

As mozas da banda viaxan cos Lil boys a ensaiar e prepararse para o gran concurso de grupos de música. Carmen ten moitas ganas, aínda que sabe que Lucas vai estar todo o intre pendente dela con todo isto do amor. Pero de súpeto cousas estrañas suceden e todo dá un xiro radical... Que non pare a música!

MÁIS DE 12 ANOS E XUVENIL



Anagnórise /Maria Victoria Moreno. (Galaxia, 2002). Galego

Nicolau Arís, é un rapaz con problemas que un día decide deixar os estudos no Instituto e marcha a Madrid co propósito de encontrar a uns amigos que se dedican a negocios relacionados co tráfico da droga. A viaxe en autostop faina cunha muller intelixente, de nome celosamente oculto, que o recolle na estrada, e coa cal fala durante as horas que pasan xuntos dentro do coche. Os diálogos van revelando a rica personalidade de ambos. Despois de que Nicolau entre en contacto cos compañeiros que o agardan en Madrid, irá buscar a súa amiga. Só entón saberá o seu nome.



María Victoria Moreno: A muller que durmía pouco e soñaba moito / Fina Casalderrey e Marilar Aleixandre. (Xerais, 2018). Galego

Este libro é un acto de cariño, no que as autoras ofrecen un fermoso retrato de María Victoria Moreno, a escritora á que está dedicado o 17 de maio de 2018.



La Cenicienta que no quería comer perdices / Nunila Lopez Salameiro; Myriam Cameros Sierra. (Planeta, 2009). Castelán

Este libro rompe todos os esquemas e ideas dos relatos tradicionais de princesas que buscan desesperadamente ao seu príncipe azul. Tamén convida a reflexionar sobre os estereotipos de xénero dunha maneira orixinal e divertida. É un relato actual, cunha beleza increíble que reivindica a liberdade, a autonomía e a valentía desde un aspecto coeducativo.



Las chicas son guerreras: 26 rebeldes que cambiaron el mundo / Irene Cívico. (Montena, 2016). Castelán

Vidas alucinantes de 26 superguerreras, desde Mary Shelley ata Lady Gaga, pasando por Ada Byron, Marie Curie, Virginia Woolf, Coco Chanel, Agatha Christie, Frida Kahlo, Simone de Beauvoir, Rosa Parks, Audrey Hepburn, Jane Goodall, Malala e moitas máis. Algunhas son moi moi famosas e outras algo menos coñecidas, pero todas elas fixeron cousas increíbles polas que se merecen estar no olimpo dos deuses. Que debería ser tamén o olimpo das deusas.



Las chicas son de ciencias: 25 científicas que cambiaron en mundo / Irene Cívico. (Montena, 2018). Castelán

25 supercientíficas que cambiaron o mundo e demostraron que as mozas son de ciencias!. Aínda que nos libros de historia pareza que as ciencias son cousa de homes, diso nada: desde Agnodice, a primeira médica coñecida da historia, ata Rosalind Franklin, a química que descubriu a estrutura do ADN, pasando por Vera Rubin, a astrónoma que viu o que ninguén vía, as mulleres foron pioneiras en ciencias desde o inicio dos tempos.



Valerosas 1: Mujeres que solo hacen lo que ellas quieren / Pénélope Bagieu. (Dibbuku, 2017). Banda deseñada. Castelán

Retrato de quince mulleres que reinventaron o seu destino a pesar das circunstancias adversas da vida. Desde científicas, actrices ou activistas, estas mulleres son afoutas, atrevidas, decididas e loitaron por conseguir os seus soños e saír adiante nos seus respectivos períodos históricos.



Valerosas 2: Mujeres que solo hacen lo que ellas quieren / Pénélope Bagieu. (Dibbuks, 2017). Banda deseñada. Castelán

15 novos retratos de mulleres que decidiron, a pesar dos seus obstáculos, facer o que realmente querían. Amorne Grandin, por exemplo, diagnosticada con autismo, promoveu unha reforma total da agricultura tradicional.



As mulleres e os homes / Luci Gutiérrez; María Mediero (Catro ventos, 2018). Galego

As mulleres e os homes forma parte dunha colección de catro títulos pensada para os lectores e as lectoras máis novas que publicou entre os anos 1977 e 1978 a editorial barcelonesa La Gaya Ciencia. O ditador Franco morrera só un par de anos antes e o país estaba a vivir unha etapa —a Transición— que achegaría os primeiros cambios democráticos. Desde 1978 até 2018 producíronse moitos cambios, e, por sorte, case sempre para mellor. Porén, aínda hai moito que facer para acadar a igualdade entre xéneros.



Feminismo ilustrado: ideas para combatir el machismo / María Murnau; Helen Sotillo (Montena, 2017). Castelán

Feminismo ilustrado explica ata onde chega realmente o patriarcado con exemplos do día a día, aclara conceptos da loita feminista, desmonta falsas argumentacións en contra e convida a detectar machismos de todos os tamaños, así como a se manter a salvo deles. Todo iso acompañado de explicativas ilustracións e de moito, moito humor.



El diario de Anne Frank (Novela Gráfica) / Ana Frank . (Debolsillo, 2017). Castelán

Adaptación gráfica do diario de Anne Frank. Este volume recolle o estremecedor relato bela e delicadamente para convertelo á novela gráfica. Unha nova oportunidade de achegarse a unha historia que xa forma parte de nós.

**Alaia e a deusa / Tomás González Ahola. (Urco , 2014). Galego**

Alaia, unha moza da tribo dos nerios, ten que abandonar o seu castro natal para ir traballar á cidade de Thaladé, construída enriba do bravo Mar Poñente. Alí coñecerá a crueldade dos amos e as contradicións da mal chamada civilización, mais tamén descubrirá o maior dos segredos que gardan os seus túneles ancestrais. Así e todo, a mais grande aventura de Alaia será coñecer ese prodixioso misterio que se agocha no corazón do ser humano: o amor verdadeiro.

**Non hai luz sen escuridade / Andrea Barreira Freije. (Urco, 2015). Galego**

Lea, a Princesa da Escuridade, leva desde que era unha nena a se debater entre o que os seus pais agardan dela e o medo que lle dá aquilo en que pode converterse. Cando chega o momento de facer a viaxe que a levará a atopar o dragón que lle pertence, Lea sae por primeira vez da escuridade dos seus dominios e agarda poder atopar a luz que vira unha vez sendo unha meniña. Ao longo da viaxe atopará moitas persoas novas e fará amizades, entre elas, Sarxa, a princesa das fadas, un ser totalmente antagónico a ela, ao tempo que adquirirá coñecementos, tanto de maxia negra como de maxia branca, e descubrirá cousas sobre si mesma.

PELÍCULAS

✓ **Mi vecino Totoro / Dirección: Hayao Miyazaki (Xapón, 1988)**

Unha pequena xoia que é incansable ao tempo e imperecedoira. Esta historia animada segue ás estudantes e irmás Satsuke e Mei mentres se establecen na súa casa de campo co seu pai e esperan a que a súa nai se recupere dunha enfermidade no hospital. Cando as irmás exploran a súa nova casa, descubren e fan amizade cuns trasgos brincadores, e no bosque próximo atopan unha enorme criatura coñecida como Totoro.

✓ **Nicky, la aprendiz de bruja / Dirección: Hayao Miyazaki (Xapón, 1989)**

Kicky é unha bruxa de 13 anos, en período de adestramento, que se divirte voando na súa escoba xunto a Jiji, un sabio gato negro. Segundo a tradición, todas as bruxas desa idade deben abandonar o seu fogar durante un ano para saber valerse por si mesmas. Así, ela descubrirá o que significa a responsabilidade, a independencia e a amizade. No seu camiño Nicky e Jiji farán un novo amigo, Tombo, co que vivirán extraordinarias aventuras.

✓ **El Viaje de Chihiro / Dirección: Hayao Miyazaki (Xapón, 2001)**

Esta é unha das belezaas máis grandes que deixou o cinema animado xaponés neste século. Narra como unha nena, Chihiro, vai parar a unha especie de mundo máxico, onde debe loitar para rescatar aos seus pais dunha bruxa que os converteu en porcos e planea matalos. Chihiro recibe a axuda de Haku, un neno meigo, para lograr fuxir da bruxa. Con todo, na historia ambos teñen igual importancia, e ambos se salvan o un ao outro.

Outras do mesmo director: **La Princesa Mononoke;** Dir. Hayao Miyazaki (1997)
El Castillo en el Cielo; Dir. Hayao Miyazaki (1986)
El Castillo ambulante; Dir. Hayao Miyazaki (2004)
Nausicäa del Valle del Viento; Dir. Hayao Miyazaki (1984)
Ponyo en el acantilado; Dir. Hayao Miyazaki (2008)

✓ **Lilo & Stitch / Dirección: Dean DeBlois, Chris Sanders (Estados Unidos, 2002)**

Na outra punta do universo, un sabio algo tolo creou a Stitch, a criatura máis intelixente e destrutiva que xamais existise. Stitch vai parar á Terra, á illa de Hawai, onde o pequeno “alien” é recollido por Lilo, unha adorable nena de seis anos que o toma por un can abandonado. Lilo e Stitch irán forxando a súa amizade e ela tentará incluílo nas súas aventuras cotiás. Unha parella moi diferente, pero que conseguirá manterse unida para sempre.

✓ **La montaña mágica / Dirección: Katarina Launing, Roar Uthaug (Noruega, 2009)**

A princesa Bluerose forma parte dunha comunidade de gnomo que se encarga de controlar o paso da noite ao día grazas á prata máxica que só eles posúen. Pero, un día, un grupo formado por gnomo e homes rouba a prata, condenando así ao mundo para vivir en penumbra para sempre. A princesa Bluerose terá que superar duras probas para recuperar a prata máxica.

✓ **La estrella de Laura / Dirección: Thilo Rothkirch, Piet De Rycker (Alemania, 2004)**

Laura atopa unha estrela que caeu do ceo. Con agarimo, arránxalle a patina con escaiola e comezan unha marabillosa amizade. Con todo, Laura dáse conta de que a estrela se está apagando na terra e de que ten que deixala volver ao ceo.

✓ **La isla de Nim /Dirección: Jennifer Flackett, Mark Levin (Estados Unidos, 2008)**

Nim e o seu pai Jack son os únicos habitantes dunha remota e exótica illa. Aínda que non vai á escola, Nim axuda ao seu pai para realizar diariamente anotacións científicas, ocúpase de coidar a horta e de que o panel solar alimente o computador, a través do cal Jack comunícase co mundo. Un bo día, tras a desaparición do seu pai, Nim entra en contacto cunha famosa escritora de novelas de aventuras que irá visitala.

✓ **Home. Hogar dulce hogar / Dirección: Tim Johnson (Estados Unidos, 2015)**

Cando o alienígena máis irritantemente optimista da galaxia atópase fuxindo da súa propia raza, verase forzado a formar equipo cunha moza adolescente moi testana. Estes estraños fuxitivos acabarán salvando o planeta.

✓ **Alicia en el país de las maravillas / Dirección: Tim Burton (Estados Unidos, 2010)**

O filme está marcado polo excéntrico estilo do director. Esta non é unha adaptación exacta do libro de Lewis Carroll, senón que Burton puxo da súa propia colleita. Así foi como formou a unha Alicia que é moito máis independente e segura de si mesma que o personaxe orixinal, e que se nega a aceptar os canons da época impostos polas mulleres do século XIX.

✓ **Enredados / Dirección: Nathan Greno, Byron Howard. (Estados Unidos, 2010)**

Esta película conta a historia de Rapunzel, pero a princesa protagonista non é a típica heroína dos antigos contos de fadas de Disney. Neste caso, Rapunzel está retida nunha torre, pero está decidida a ir ver un show de luces que sempre desexou presenciar. Así que para logralo, captura a un ladrón que chegou á súa torre por erro, e o chantaxea para que a axude a cumprir o seu desexo. Esta Rapunzel demostra que se pode ser forte de carácter, que ser unha princesa non significa ser débil.

✓ **Matilda / Dirección: Danny DeVito (Estados Unidos, 1996)**

Todo un clásico infantil, adaptación da novela publicada por Roald Dahl. Segue a unha nena xenio, Matilda, quen a pesar da súa intelixencia e habilidades, debe “sobrevivir” cada día a uns pais terribles e unha profesora abusiva. Con todo, coa súa astucia, logra saír adiante.

✓ **Zootrópolis / Dirección: Byron Howard, Rich Moore (Estados Unidos, 2016)**

A metrópole Zootopía é unha cidade de mamíferos, onde viven moitos animais. Alí, a optimista axente Judy Hopps convértese na primeira coelliña dun corpo policial composto por animais duros e enormes. Judy está decidida a demostrar a súa valentía e métese nun caso con Nick Wilde, un raposo laretas e estafador.

✓ **Free Birds (Vaya Pavos) / Dirección: Jimmy Hayward (Estados Unidos, 2013)**

Dous pavos que poñen de lado as súas diferenzas únense nunha aventura cando descubren unha máquina do tempo e deciden utilizala para frustrar os eventos ocorridos no Día de Grazas norteamericano e así salvar o destino de miles de pavos como eles. Entre os personaxes principais atópase JENNY unha pava que dirixe co seu pai e logo soa ao grupo de pavos que busca a liberación, determinante, forte en personalidade, sabia, intelixente e compañeira de fiar.

✓ **Whale rider/jinete de ballenas / Dirección: Niki Caro (Nova Zelandia, 2003)**

Nun pequeno poboado da costa de Nova Zelandia, os aborixes da tribo Whangara cren que proceden dun único devanceiro, cuxa existencia se remonta mil anos atrás. O seu nome é Paikea, e escapou da morte, tras envorcar a súa canoa, montando a lombos dunha balea. Segundo a tradición, o xefe dos Whangara, o " Whale Rider", o Paikea, ten que ser un primoxénito varón. Pero Pai, unha nena de once anos, cre que está destinada a ser a máxima autoridade da tribo. Por iso, aínda que adora ao seu avó Koro, enfrontarase con el e con mil anos de tradición.

✓ **Arriety y el mundo de los diminutos / Dirección: Hiromasa Yonebayashi (2010)**

Nunha casina oculta baixo as táboas do chan dunha mansión, vive unha familia de seres diminutos, de apenas 10 cm. de altura, que teñen a norma de non deixarse ver nunca polos seres humanos; con todo, a súa tranquila existencia cambia cando Arriety, unha audaz adolescente, é vista accidentalmente por un neno que se acaba de establecer na casa debido á súa delicada saúde. Á vez que entre ambos xorde unha gran amizade, a existencia dos diminutos seres verase perigosamente ameazada.

✓ **Epic; el Mundo secreto / Dirección: Chris Wedge (Estados Unidos, 2013)**

Unha apaixonante historia repleta de insólitas peripecias que vira ao redor de Mary, unha adolescente involuntariamente introducida no mundo en miniatura do bosque, onde habitan estraños seres. O pai de Mary, un pasional científico, está empeñado en que existe unha diminuta comunidade oculta que habita no bosque, a pesar de que dedica todo o seu tempo en probar a súa teoría ela non lle cre. Con todo, a súa opinión cambia un tormentoso día no que por encantamento, aparece no universo secreto. Alí embarcarase nunha trepidante aventura na que terá que axudar aos "homes folla", un exército que protexe a natureza, a loitar contra os Boggans, un grupo de malvados insectos que queren tinguir de escuridade o bosque e destruílo. Ela non só será a esperanza para acabar coas continuas batallas do pequeno universo, senón tamén do noso, pois se o seu mundo desaparece, tamén o fará o noso.

✓ **La historia de la princesa Kayuga / Dirección: Isao Takahata (Xapón, 2013)**

Este traballo do mestre da animación xaponesa adapta un texto clásico da literatura xaponesa. Achada dentro dun resplandecente talo de bambú, unha pequena nena crece ata converterse nunha exquisita moza tras ser criada por un ancián recolector de bambú e a súa esposa. Desde o campo á gran cidade, cativa a todos quen a coñece, entre eles cinco nobres pretendentes. Pero a moza terá que afrontar o seu destino.

✓ **Los niños lobo / Dirección: Mamoru Hosoda; (Xapón, 2013)**

Cando era pouco máis que unha adolescente, Hana namorouse dun Home Lobo. Pode parecer estraño, pero durante anos foron inmensamente felices, e tiveron dous fillos: Yuki e Ame, que naceron tamén coa capacidade de converterse en lobos. Tras a repentina morte do seu compañeiro, Hana decide mudarse ao campo para así criar aos seus fillos nunha contorna tranquila, onde as súas extraordinarias facultades non sexan descubertas. Con todo, ao crecer, Yuki e Ame deberán decidir se queren vivir como humanos ou como lobos.

✓ **La tostadora valiente / Dirección: Jerry Rees (Estados Unidos, 1987)**

Cando unha familia marcha de vacacións, os electrodomésticos da casa cren que foron abandonados para sempre. No canto de resignarse a quedar na casa baleira durante un período de tempo incerto, deciden partir en busca dos seus donos liderados por unha valente torradora. Así é como comeza unha divertida e perigosa aventura a través da cidade e o campo, na que o pintoresco grupo de aparellos (desde unha cortadora de céspede a unha lámpada de mesa) debe facer fronte a toda clase de ameazas e situacións de risco co fin de reencontrarse de novo xunto aos seus donos humanos.

✓ **10 películas para traballar o Día Mundial da Muller e as súas correspondentes guías didácticas en:**

<http://blog.tiching.com/10-peliculas-para-trabajar-el-dia-mundial-de-la-mujer/>

Tiching, El blog de educación y TIC (<http://es.tiching.com/>)

Para as/os máis pequenas/os:

- **Brave:** a protagonista desta historia, Mérida, está decidida a rexeitar o papel que lle tocou vivir. Unha película de animación dirixida aos máis pequenos, onde non hai un príncipe azul, e que nos ensina que as princesas xa non teñen porqué ser débiles e pasivas.
- **Whale rider:** preciosa longametraxe que cuestiona os prexuizos de xénero e os seus estreitos vínculos coas estruturas culturais. A película narra a historia de Pai, unha nena de 11 anos que cre que está destinada a ser a nova líder da súa tribo, un debido a que está unicamente reservado aos homes. Apta para todos os públicos.
- **Quiero ser como Beckham:** porque o machismo non ten lugar unicamente en países afastados, senón que é parte do noso día a día, esta película aborda con humor e sinxeleza as expectativas culturais fomentadas hoxe cara á muller. A súa protagonista, Jess, soña con ser unha xogadora profesional de fútbol, un obxectivo complicado para o que terá que enfrontarse a diferentes obstáculos sociais. Unha película para todos os públicos.

Para as/os máis maiores:

- **Persépolis:** trátase da conmovedora historia autobiográfica de Marjane Satrapi, unha nena iraniana que crece no Irán da Revolución Islámica, en pleno apoxeo do fundamentalismo islámico. Unha belísima e brillante longametraxe de animación para estudantes a partir de 8 anos.
- **Thelma y Louise:** unha película para mozas e mozos de 12 anos en adiante, que trata da procura da liberdade dos súas dúas protagonistas. Todo un mito do movemento feminista que nos fai reflexionar sobre o rol de homes e mulleres; e a traballar valores como o respecto, a igualdade de xénero ou a dignidade.
- **Buda explotó por vergüenza:** “Deixádeme ir á escola para aprender historias divertidas!” é o desexo de Bakhtay, a protagonista desta conmovedora película. Bakhtay é unha nena afgá de seis anos cuxo único desexo é aprender a ler, aínda que non o terá fácil. No camiño sufrirá o acoso doutros nenos, que pretenden derrubala e lapidala como os seus maiores fixeron coas xigantescas estatuas de Buda.



- **La sonrisa de Mona Lisa:** Katherine é unha profesora farta de ver como as súas alumnas se conforman con cumprir o papel que a sociedade lles ten preparado, e tenta axudalas a que pensen por si mesmas. A película desenvólvese nos Estados Unidos de 1953, e conta con actrices tan coñecidas como Julia Roberts ou Kirsten Dunst.
- **A las cinco de la tarde:** unha gran película que ten como obxectivo a reivindicación do dereito á educación das mulleres. Desenvólvese en Afganistán, onde o burka, as tradicións e o réxime machista seguen profundamente ancorados na vida social do país. Non recomendada para menores de 13 anos.
- **Te doy mis ojos:** un relato duro, máis adecuado para estudantes a partir dos 14 anos, que nos mostra a historia dunha muller maltratada polo seu marido. É unha necesaria maneira de reflexionar sobre a violencia física e psicolóxica cara ás mulleres, para ensinar ás nosas alumnas para saber identificala e enfrontala tan pronto como sexa posible.
- **Las mujeres de verdad, tienen curvas:** esta película, apta para todos os públicos, cóntanos a historia de Ana, unha adolescente latina que vive no Leste de Los Ángeles. Dividida entre as súas ambicións persoais e a súa tradición cultural, deberá elixir entre estudar unha bolsa universitaria ou traballar coa súa nai na fábrica de costuras. Moi adecuada para reflexionar sobre o concepto de feminidade e modelo de beleza que sufrimos en actualidade.

OFICINA DE IGUALDADE

Praza do Rei, 1. 1º andar. 36202 Vigo.
Teléfono: 986 810 284
Fax: 986 430 082
E-mail: ofi.muller@vigo.org
Horario: de luns a venres de 8:00 a 15:00h.

